



A INICIATIVA ESTÁ ORGANIZADA POLO CONCELLO DE CAMARIÑAS

ARRANCA O PROGRAMA “O MAR NA ESCOLA 2014” “XOGANDO CO VENTO” CO PATROCINIO DE INDUSTRIAS CERDEIMAR

- **ESTUDANTES DE 5ºY 6º PRIMARIA DO CEIP O AREAL DE CAMARIÑAS E CEIP PONTE DO PORTO, APRENDERÁN A NAVEGAR A VELA.**

CAMARIÑAS, 18 FEBRERO 2014.-

Ao acto de presentación celebrado no salón de actos do CEIP O Areal de Camariñas, acudiron **D.Manuel Valeriano Alonso de León , Alcalde de Camariñas, a Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes, Maria del Carmen Linares Chica, D. Andrés Cerdeiras, Representante de industrias CERDEIMAR ; D. José Ramón Ayora, Presidente del Club,** os mestres e a directora, o técnico-coordinador de deportes do Concello, e os representantes de Cataventos Escola de Vela .

O obxectivo prioritario do programa é que os escolares, dentro da asignatura de Coñecemento do Medio, se aproximen ao medio no que viven, valoren os recursos do mar e acérquense ao deporte en xeral, e en particular á vela lixeira, ademais de aprender as nocións básicas de navegación, nun ambiente lúdico e de camaradería.

O Mar na Escola creouse e desenvolveuse por primeira vez no Concello de Camariñas, hai 10 anos, coa implicación da comunidade educativa (mestres, alumnado, pais, nais, AMPA), Industrias Cerdeimar S.L., Conservas Boya, A Federación Galega de Vela, O Club Náutico de Camariñas e a vontade política do Concello (agora súmase ao proxecto a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia).

Concello de Camariñas